

Historia da variedade estándar

Mentres outros idiomas foron formando esta variedade estándar durante séculos nun proceso ininterrompido, no caso do galego non se pode falar estritamente de elaboración espontánea no noso estándar ata as últimas décadas.

Desde a época medieval, o galego descoñeceu a situación de normalidade que lles permitiu a outras linguas (portugués, castelán...) desenvolver o seu estándar. A nosa lingua careceu dun centro lingüístico uniformizador (Lisboa e Madrid, por exemplo, si o foron) e de rexistros formais. Só coa chegada do século XIX, o galego recuperou un cultivo literario continuado. Neste momento histórico adoita situarse o punto de arranque do proceso de formación do noso actual estándar. Este proceso descríbese en catro fases:

- **Galego popularizante** (século XIX)

É un galego de carácter literario pero próximo á oralidade. Os autores deste tempo descoñecen, ou coñecen moi lixeiramente, a tradición literaria medieval; considéranse auténticos iniciadores do cultivo formal do galego. A súa fonte principal é a **fala popular**, pero sen unha intención codificadora; é dicir, hai **mestura e vacilación entre solucións de diferentes áreas**: *mañáns/mañás, ladróns/ladrois...* Tamén son frecuentes os **vulgarismos**: *frebeiro, caridá...*, e os **castelanismos**: *robre, cuna, a sangre...*

- **Galego enxebriante** (comezos do século XX ata 1936)

Domina o criterio purista, que pecha a nosa lingua formal á influencia do castelán. Exáltase o **enxebre**, todo aquilo auténtico e orixinal fronte ao castelán. Teñen preferencia as **voces diferenciais**: *bágoa, ledo, intre...* (fronte a *lágrima, alegre, instante...*). Abundan os **hiperenxebriismos** (creacións diferenciais pero incorrectas): *brilo, estrano, segredario...* Acódese a novas fontes de **renovación léxica**: **arcaísmos medievais** (*cibdá, tídoo...*), **lusismos** (*marfim, miraxe, sul...*) ou **anglicismos** (*hall, sportivo...*).

- **Galego protoestándar** (desde 1936 ata os anos 70)

Acelérase o proceso de **depuración de castelanismos e vulgarismos**. Tamén comeza a darse unha **simplificación dos signos ortográficos**: elimínanse case todos os apóstrofos e guións (*qu'eu > que eu, po-los > polos*) e cae en desuso o acento circunflexo (*ô > ó* ou *ao, côr > cor*). Comezan, por último, a definirse **solucións coincidentes coas do estándar actual**: plurais *-ns* (*mazáns*) ou plurais en *-is* (*animais*).

- **Galego estándar** (desde os anos 70 ata hoxe)

Os cambios políticos permiten que o galego se encamiñe cara a unha situación de normalidade. Xorde así a **necesidade de crear un modelo normativo** que habilite a lingua para o funcionamento nos novos ámbitos aos que está a acceder. Hoxe a proposta oficial, e a de maior difusión e aceptación social, é a das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, publicadas pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega en 1982 (cunha edición revisada en 1995 e outra máis en profundidade no ano 2003).

Estandarización do léxico: castelanismos e diferencialismos (arcaísmos, hiperenxebrismos, vulgarismos, dialectalismos...)

- **Castelanismo léxico adaptado:** a palabra castelá disfrázase de galega acomodándose á nosa fonética ou morfoloxía; por exemplo, **carreteira* (por estrada), **antoxo* (por antollo), **lexos* (por lonxe)...
- **Castelanismo léxico pleno:** a voz castelá substitúe a galega; así, **acera* (por beirarrúa), **calle* (por rúa), **deuda* (por débeda), **lechuga* (por leituga)...
- **Vulgarismos:** alteracións propias dun uso oral non coidado da lingua, que se trasladan con frecuencia á escrita. As máis frecuentes son:
 - **harmonización:** pechamento da vogal pretónica ante as vogais tónicas i, u: **pidir* (pedir), **A Curuña* (A Coruña)
 - **disimilación:** cambio dun fonema para diferenciarse doutro anterior ou posterior: **teléfano* (teléfono), **sasenta* (sesenta)
 - **metátese:** troco de lugar de fonemas dentro da palabra: **probe* (pobre), **estógamo* (estómago)
 - **adición e supresión de fonemas:** **prótase** (**amoto* por moto); **epéntese** (**ademirar* por admirar); **paragoxe** (**mullere* por muller); **apócope** (**verdá* por verdade); **síncope** (**arbre* por árbore)
 - **reducións ou vocalizacións de grupos consonánticos:** **aluno* por alumno, **aspeuto* por aspecto.
- **Hipergaleguismos:** tamén chamados **hiperenxebrismos** xorden dun afán diferencialista e como reacción ao castelán. Orixínanse ao mudar a forma dunha palabra galega correcta cando coincide co castelán: **brilar* por brillar, **oficiña* por oficina, **sinceiro* por sincero.
- **Arcaísmos:** son voces tomadas dos textos do galego-portugués medieval por vía culta (escritores, intelectuais...). Con elas preténdese tamén compensar a presión do castelán, pero en moitos casos substitúense voces galegas completamente correctas: **capíduo* por capítulo, **falescer* por falecer, **cibdade* por cidade.